



## Normativa pola que se regula a dedicación do Persoal Docente e Investigador para o curso 2024-2025

Estando en fase de tramitación parlamentaria a aprobación da transitoria 9 bis da Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo do Sistema Universitario como disposición final do Proxecto de Lei pola que se regulan as ensinanzas artísticas superiores e se establece a organización e equivalencias das ensinanzas artísticas profesionais, o Consello de Goberno da Universidade da Coruña, na súa reunión do 21 de marzo de 2024, acorda prorrogar para o curso académico 2024/2025 a **Normativa pola que se regula a dedicación do Persoal Docente e Investigador** [https://sede.udc.gal/services/electronic\\_board/EXP2022/002004](https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2022/002004) (Aprobada por Consello de Goberno do 28 de novembro de 2014, modificada nos CG do 27/10/2015, 25/02/2016, 27/04/2017, 03/04/2018, 03/04/2019, 04/06/2020, 28/05/2021 e 24/02/2022).

Esta prórroga estará condicionada ao cumprimento do establecido no artigo 34.un Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, e do establecido no artigo 2.3 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

A categoría de Profesor/a Axudante Doutor/a definida pola LOSU no seu artigo 78 terá unha dedicación de 180 horas.

A categoría de Profesor/a Permanente Laboral definida pola LOSU no seu artigo 82 terá unha dedicación de 240 horas.

As referencias á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente (VPPD), Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente (VPAID) e Vicerreitoría de Política Científica, Innovación e Transferencia (VPCIT) deben entenderse como feitas á Vicerreitoría de Profesorado (VP), Vicerreitoría de Títulos e Internacionalización (VTI) e Vicerreitoría de Investigación e Transferencia (VIT), respectivamente.